

ACTA NÚM. 7/13

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CELEBRADA O DÍA 29 DE AGOSTO DO 2013.

Na casa do Concello de Barro, ás vinteunha horas do día vintenove de agosto de dous mil trece, réunese o Pleno deste concello.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

Do Partido Popular:

Dna. Teresa Roig Olona.

Dna. Rosa Varela Magariños.

D. Manuel Fontán Outón.

D. Eduardo Iglesias González

D. Manuel Rivas Reboredo

Do BNG:

D. Xosé Manuel Fernández Abrales

D. Roberto Rivas Reboredo.

D.^a María Xesús Castro Calviño

Do PSOE

D. José Sanmartín Soto.

Secretario accidental:

D. Serafín Abal Novoa

Non asite e con excusa D. Manuel Rivas Reboredo (P.P.)

ORDE DO DIA

- 1.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR.
- 2.- PLAN DE INVESTIMENTOS DA DEPUTACIÓN: CAMPO DE FUTBOL DE CÉSPED ARTIFICIAL Y VESTUARIOS EN BARRO.
- 3.- PLAN DE INVESTIMENTOS DA DEPUTACIÓN: RÚA AREAL.

Comprobada a existencia de quórum para a válida realización da sesión, declárase aberta e éntrase a trata-los asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR.-

Dase conta da da acta de data 13.08.2013, advertíndose un erro no punto terceiro donde dí: Sr. Sanmartín Castro debe dicir SR. Sanmartín Soto. Non se formulan outras observacións á mesma e apróbbase por unanimidade.

2.- PLAN DE INVESTIMENTOS DA DEPUTACIÓN: PROXECTO “CAMPO DE FÚTBOL DE CÉSPED ARTIFICIAL Y VESTUARIOS EN BARRO”.-

O Sr. Alcalde dá conta do proxecto “CAMPO DE FÚTBOL DE CÉSPED ARTIFICIAL EN BARRO” redactado por NAOS 04 ARQUITECTOS S.L.P., cun orzamento de execución de CATROCENTOS NOVENTA E CATRO MIL TRESCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (494.354,33€), encargado pola Deputación Provincial de Pontevedra e que se pretende executar mediante o oportuno convenio entre o Concello de Barro e a Deputación, con unha aportación do Concello de CINCUENTA MIL EUROS (50.000,00€). Debido á crise, manifesta o Sr. Alcalde que para facer fronte á achega do Concello pretende se inclúa tal proxecto dentro das obras a incluír no PLAN DE INVESTIMENTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL 2013, financiándose a obra con aportacións de 50.000 euros polo Concello e 444.354,33€ pola Deputación Provincial. O proxecto completo atópase exposto na páxina Web do Concello.

Aberto o turno de intervencións, toma a palabra o Sr. Fernández Abraldes, manifestando que está totalmente de acordo co proxecto a financiar, pero que estas obras chegan con cinco anos de tardanza, manifesta asimesmo que é una necesidade pois mellora e facilita que os nenos poidan practicar o deporte de fútbol dunha maneira adecuada. Tamén dí que debe ser o único Concello que non dispoñía dunhas instalacións deste tipo e que no Concello de Moraña paga a Deputación case 2.000.000€ e sen achegas.

O Sr. Alcalde, recórdalle aos asistentes que fai 6 anos Barro puido ter unha cidade deportiva que supuña un investimento e unhas instalacións moi superiores á proposta no proxecto que se aproba, pero que por mor de xudicializacións e persecucións do bipartito e algúns grupos políticos do Concello así como dirixentes dalgunha Xunta de Montes, fixeron que fracasase un gran investimento para o municipio.

O Sr. Abraldes, replica que a leva Feijoo na xunta máis de 5 anos e que se o problema fora o bipartito xa o P.P. o podía ter solucionado neste tempo.

Toma a palabra o Sr. Sanmartín Soto, que referíndose ao proxecto do campo de fútbol de césped artificial en Barro, dí que é unha boa noticia, que é necesario e que temos que agradecer á Deputación a súa execución e que se faga o antes posible. Tamén apunta que se estudie a posibilidade da instalación no mesmo recinto como se fixo noutros sitios dunha pista de tenis, debido á demanda que está a ter este deporte no municipio. Asimesmo anuncia o seu voto a favor.

Rematada a deliberación, o Pleno do Concello **POR UNANIMIDADE ACORDA:**

Primeiro.- A realización do investimento denominado CAMPO DE FUTBOL DE CÉSPED ARTIFICIAL EN BARRO, con un orzamento de execución de CATROCENTOS NOVENTA E CATRO MIL TRESCENTOS CINCUENTA E CATRO

EUROS CON TRINTA E TRES CENTIMOS (494.354,33€), dos que a achega do Concello será de CINCUENTA MIL EUROS e a Deputación mediante convenio de CATROCENTOS CORENTA E CATRO MIL TRESCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON TRINTA E TRES CENTIMOS (444.354,33€).

Segundo.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de CINCUENTA MIL EUROS (50.000€) con cargo ó Plan de obras e servizos da Deputación de Pontevedra para o ano 2013.

Terceiro.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de CERO EUROS, o órgano que adopta este acordo é competente para comprometer esta achega.

Cuarto.- Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

3.- PLAN DE INVESTIMENTOS DEPUTACIÓN: RUA AREAL.- A seguir o Sr. Alcalde dá conta do proxecto das obras denominado "RÚA AREAL", a incluír no Plan de investimentos da Deputación Provincial, con un orzamento de execución por contra de SESENTA E SETE MIL SEISCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON TRINTA E DOUS CENTIMOS (67.675,32€).

Describe o Sr. Alcalde o contido do proxecto, no que as obras a realizar consistirán basicamente no asfaltado da rúa, dotación de servizos de subministro de auga e saneamento así como a colocación de alumbrado público e aceras.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o Sr. Fernández Abraldes, dicindo que está de acordo co proxecto, considerando a súa execución necesaria polo que o seu grupo votará afirmativamente a aprobación da obra.

Manifesta tamén o Sr. Sanmartín Soto o seu voto favorable á aprobación das obras.

Rematada a deliberación, o Pleno do Concello POR UNANIMIDADE ACORDA:

Primeiro.- A realización do investimento denominado RÚA AREAL, con un orzamento de execución de SESENTA E SETE MIL SEISCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON CO TRINTA E DOUS CENTIMOS (67.675,32€).

Segundo.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de SESENTA E SETE MIL SEISCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON CO TRINTA E DOUS CENTIMOS (67.675,32€) con cargo ó Plan de obras e servizos da Deputación de Pontevedra para o ano 2013.

Terceiro.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de CERO EUROS, o órgano que adopta este acordo é competente para comprometer esta

achega.

Cuarto.- Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

A sesión rematou ó fio das vinte e unha horas trinta minutos. Dou fe.